


## PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ENTRE O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓN LABORAIS, O CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA E O CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA PARA A XESTIÓN DOS GASTOS DE MANTEMENTO DO EDIFICIO PAZO DE AMARANTE


Santiago de Compostela, 15 de maio de 2012





### REUNIDOS :



Dunha parte o Sr. presidente do Consello Galego de Relacións Laborais, D. Demetrio Fernández López, en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 9 da Lei 5/2008, do 23 de maio, pola que se regula o Consello Galego de Relacións Laborais, e o artigo 13.2 do Regulamento interno de organización e funcionamento do citado Consello.




Doutra, a Sra. presidenta do Consello Económico e Social de Galicia, Dna. M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez, en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 16.1 d) da Lei 6/1995, do 28 de xuño, de creación do Consello Económico e Social de Galicia e artigo 24, 1) do Regulamento de réxime interior.




E, doutra, a Sra. presidenta do Consello Consultivo de Galicia, Dna. M<sup>a</sup> Teresa Conde-Pumpido Tourón, en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 5.1 da Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia modificada pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, e pola Lei 16/2008, do 23 de decembro; e o artigo 22.3 do Decreto 282/2003, do 22 de maio, polo que se

aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia.



### EXPOÑEN :



Desde o ano 1996, no que o Pazo de Amarante, antes sede dos xulgados, foi acondicionado para servir como sede dos tres Consellos, ata o momento actual teñen transcorrido máis de quince anos e os servizos de limpeza, seguridade e mantemento do edificio víñanse contratando de maneira autónoma por cada un dos organismos que o comparten, aínda que compartindo os gastos de subministracións de gasóleo para calefacción, electricidade e auga, dentro dun clima de total entendemento e cooperación institucional, porén sen unha base estipulada por escrito.




Tendo en conta estes principios de total entendemento e cooperación institucional, e en aras de lograr unha economía no gasto e unha maior eficiencia na xestión, considérase de interese por os tres Consellos unificar a contratación dos servizos de limpeza, seguridade e mantemento do edificio utilizando a fórmula prevista no artigo 316.5 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público, e regular a xestión do pago das subministracións de gasóleo, electricidade e auga do Pazo de Amarante, elaborando un protocolo no que se recollan as bases para a xestión conxunta dos servizos de limpeza, seguridade e mantemento que atinxen dun xeito común aos tres organismos asinantes deste documento coas seguintes




## ESTIPULACIÓNS

### Primeira.- Sede




Os tres organismos asinantes deste protocolo teñen a súa respectiva sede na cidade de Santiago de Compostela na rúa Algalia de Abaixo, 24, no edificio coñecido como Pazo de Amarante, cunha distribución horizontal, correspondéndolle o andar soto ao Consello Galego de Relacións Laborais, en diante (CGRL); o andar baixo e o primeiro ao Consello Económico e Social de Galicia, en diante CES-Galicia; e o segundo andar e o baixo cuberta é utilizado como sede do Consello Consultivo de Galicia, en diante (CCG).

### Segunda.- Obxecto




Con este protocolo preténdese xestionar de forma conxunta os servizos de limpeza, seguridade e mantemento coas características e condicións que se estipulen nos correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.



Asemade preténdese regular a xestión dos gastos orixinados polas subministracións de gasóleo de calefacción, electricidade e auga do Pazo de Amarante.


### Terceira.- Distribución de Gastos




Os custos derivados dos servizos descritos na estipulación segunda serán afrontados de acordo co seguinte reparto:

- Consello Galego de Relacións Laborais .....20,00%
- Consello Económico e Social de Galicia .....40,00%
- Consello Consultivo de Galicia .....40,00%

Para determinar estas porcentaxes tívose en conta a superficie ocupada por cada un dos organismos no Pazo de Amarante e o número dos seus traballadores.




#### **Cuarta.** Órgano de contratación




O CCG será o órgano de contratación e, polo tanto, encargarase da organización, tramitación e adxudicación dos expedientes administrativos de contratación que sexa preciso facer para a materialización das subministracións e servizos descritos neste protocolo.

Previo á licitación dos diferentes contratos, cada organismo formalizará as retencións de crédito que procedan.



#### **Quinta.-** Xestión das facturas



O CCG a través do seu servizo de Xestión Económica, recibirá as facturas dos servizos contratados e procederá á súa distribución entre os tres organismos, responsabilizándose cada un deles do aboamento que lle corresponda na proporción sinalada na estipulación terceira.

#### **Sexta.-** Vixencia

O presente protocolo permanecerá vixente ata que fose denunciado por calquera



das partes con un mes de antelación ou se produza algunha variación nos criterios establecidos para o reparto dos gastos.

### Sétima.- Controversias

As posibles controversias sobre a interpretación e/ou aplicación das estipulacións deste protocolo, serán sometidas a arbitraje dunha comisión creada ao efecto da que formarán parte as persoas titulares da secretaría xeral de cada un dos Consellos.

En proba de conformidade cos termos do presente protocolo, as partes comparecentes asínano por triplicado exemplar no lugar e datas mencionadas.

O presidente do CGRL



A presidenta do CES-Galicia



A presidenta do CCG

